



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O DIA 25 DE OUTUBRO DO ANO 2012

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinteunha horas e vinte minutos do día vinte Cinco de outubro do ano dous mil doce, e co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar do asunto do órde do día incluído na convocatoria cursada a tal efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Luis Aragunde Aragunde, reuníronse os señores Concelleiros, D. José Juan Cores Chaves, D^a Candelaria Martínez Eiras, D^a María Isabel Varela Piñeiro, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D^a Mónica Bea Troncoso, D. Rodrigo Rey Vázquez, D. Eulogio Pomares Botana, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D^a Ana Isabel Oubiña Santos, D. Ricardo Quintáns Cores; D^a María Josefa Cacabelos Dominguez(que excusa a asistencia de D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, por viaxe de traballo), D. Xaquín Charlín González, D^a Fátima Abal Roma e D. Lucas Vieites Fariña.

Actúa como Secretario, o Funcionario D. Alberto Fuentes Losada, nomeado pola Xunta de Galicia.

1º.- LECTURA E APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión, e non téndose formulado obxeccións á acta da sesión celebrada o día 30 de agosto, e ás correspondentes ós días 20 e 25 de setembro, con motivo do pasamento do Concelleiro D. Rafael Blanco Guerreiro, a Corporación Municipal acorda prestarlle a súa aprobación.-

2º.- TOMA DE POSESION DE D. ANGEL MANUEL GIRALDEZ OUBIÑA COMO CONCELEIRO DESTA CORPORACION.- Incorpórase á sesión D. ANGEL MANUEL GIRALDEZ OUBIÑA, co obxecto de posesionarse do cargo de Concelleiro polo Grupo Político do P.S.deG.-PSOE, en substitución de D. Rafael Blanco Guerreiro, falecido en datas pasadas, e toda vez que consta no expediente a credencial expedida pola Junta Electoral Central a favor do Sr. Giraldez Oubiña, e os demais documentos previstos na legislación aplicable, en relación coas causas de incompatibilidade e declaración de bens patrimoniais.

Acto seguido, e co obxecto de tomar posesión do seu cargo, o Sr. Giraldez Oubiña formula xuramento, de viva voz, co seguinte texto: “Xuro pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Concelleiro da Coporación Municipal de Cambados, con lealtade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado”

Rematada a súa intervención, o Sr. Giraldez Oubiña, a quen felicita o Sr. Alcalde en nome da Corporación, procede a ocupar o seu posto de Concelleiro a tódolos efectos.

3º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCION E TESOURERIA RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA LEI 15/2012, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIONS COMERCIAIS.- Dase conta da Proposta da Alcaldía pola que, á vista dos informes da Intervención e Tesourería municipais emitidos en cumprimento do disposto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ó terceiro trimestre do exercicio 2012, propónse ó Pleno adopte acordo no sentido de terse por enterado dos informes emitidos.



A Corporación Municipal, por unanimidade, acorda darse por enterada dos informes da Intervención e Tesourería Municipais, relativos ao cumprimento do disposto na Lei 15/2012, pola que se establecen medidas contra a morosidade nas operacións comerciais.-

4º.- DECLARACION DE NON DISPOÑIBILIDADE DOS CREDITOS PREVISTOS PARA O ABONO DA PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO.- Dase

conta da proposta da Presidencia en relación co asunto epigrafiado, visto pola Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio en reunión celebrada o día 24 dos correntes, e que se transcribe a continuación: "No artigo 2.1 do Real Decreto-lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade establécese a obriga de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ó servizo do sector público, no importe correspondente á paga extraordinaria a percibir no mes de decembro, nos seguintes termos:=" *"No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22.1 da Lei 2/2012, de 29 de xuño de Orzamentos Xerais do Estado, verá reducida as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes"*.= Segundo o apartado 4 do citado artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, *"as cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo destinarase en exercicios futuros a realizar aportacións a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición o establecido na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos."*= De conformidade coa interpretación que se realiza polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de data 05/09/2012, este apartado establece a obriga de:

- a) Inmobilizar, no presente exercicio, os créditos previstos para o abono das citadas pagas.
- b) Afectar estes créditos ó fin que no propio artigo se cita (aportacións a plans de Pensións ou similares), sen que poidan destinarse a ningún outro obxecto, nin no presente exercicio, nin exercicios futuros.

A fin de declarar como non dispoñibles estes créditos, a cita nota informativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dispón que as Entidades Locais deberán dictar, polo importe correspondente, acordo de non dispoñibilidade, de conformidade co disposto no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.= Informado o expediente pola Intervención Municipal, esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa teña a ben emitir ditame favorable e formularlle proposta ó Pleno da Corporación, de adopción do acordo seguinte:=" Declarar a indispoñibilidade dos créditos que se relacionan a continuación correspondentes á paga extraordinaria do mes de decembro por un importe total de 146.247,67 €.

Aplicación presupostaria	DENOMINACIÓN	Crédito indispoñible
132,120,03	Retrib. Básicas Policía Local. Soldos grupo C1	9.956,80 €
132,120,04	Retrib. Básicas Policía Local. Soldos grupo C2	593,79 €
132,120,06	Trienios Policía Local	1.300,64 €
132,12,00	Retrib. Complem. Policía Local. Complemento de destino	6.388,46 €
132,12,01	Retrib. Complem. Policía Local. Complemento Específico	9.031,48 €
133,130,00	Retrib. Básicas persoal laboral fixo condutores grúa	1.191,23 €



133,130,02	Retrib. Complementarias persoal laboral fixo condutores grúa	1.554,99 €
151,120,01	Retrib. Básicas funcionarios Urbanismo. Soldos grupo A2	699,38 €
151,120,03	Retrib. Básicas funcionarios Urbanismo. Soldos grupo C1	622,30 €
151,120,06	Trienios funcionarios Urbanismo	316,69 €
151,121,00	Retrib. Complem. funcionarios Urbanismo. Complemento de destino	904,63 €
151,121,01	Retrib. Complem. funcionarios Urbanismo. Complemento Especifico	1.345,76 €
151,130,00	Retrib. Básicas persoal laboral fixo Urbanismo	717,90 €
151,130,02	Retrib. Complementarias persoal laboral fixo Urbanismo	808,79 €
151,131,00	Retribucións persoal laboral temporal Urbanismo	2.167,32 €
155,120,03	Retrib. Básicas funcionario Capataz Obras. Soldo grupo C1	622,30 €
155,120,05	Retrib. Básicas funcionarios Operarios. Soldos grupo E	1.645,41 €
155,120,06	Trienios funcionarios Capataz e Operarios	263,86 €
155,121,00	Retrib. Complem. funcionarios Capataz e Operarios. Complemento de destino	1.175,00 €
155,121,01	Retrib. Complem. Capataz e Operarios. Complemento Especifico	2.058,95 €
155,130,00	Retrib. Básicas persoal laboral fixo operarios zona, de servizos, encargados	8.914,02 €
155,130,02	Retrib. Complementarias persoal laboral fixo operarios, encargados...	11.879,05 €
155,131,00	Retrib. persoal laboral temporal vías públicas	3.963,12 €
231,130,00	Retrib. Básicas persoal laboral fixo Servizos Sociais	2.508,37 €
231,130,02	Retrib. Complementarias persoal laboral fixo Servizos Sociais	3.113,44 €
321,130,00	Retrib. básicas persoal laboral fixo Conserxes	3.106,04 €
321,130,02	Retrib. complementarias persoal laboral fixo Conserxes	2.662,39 €
332,120,03	Retrib. Básicas funcionario Biblioteca. Soldo grupo C1	622,30 €
332,120,06	Trienios funcionario Biblioteca	181,84 €
332,121,00	Retrib. Complem. funcionario Biblioteca. Complemento de destino	394,79 €
332,121,01	Retrib. Complem. funcionario Biblioteca. Complemento Especifico	610,15 €
333,130,00	Retrib. básicas Persoal laboral fixo Museos	4.969,56 €
333,130,02	Retrib. complementarias persoal laboral fixo Museos	5.152,73 €
334,130,00	Retrib. básicas Persoal laboral fixo Cultura	1.993,34 €
334,130,02	Retrib. complementarias persoal laboral fixo Cultura	2.697,34 €
340,120,05	Retrib. Básicas funcionario encargado Pavillón. Soldo grupo E	548,47 €
340,120,06	Trienios funcionario encargado Pavillón	107,76 €
340,121,00	Retrib. Complem. encargado Pavillón. Complemento de destino	282,53 €
340,121,01	Retrib. Complem. encargado Pavillón. Complemento Especifico	380,47 €
340,130,00	Retrib. Básicas persoal laboral fixo encargado Pavillón	548,47 €
340,130,02	Retrib. Complementarias persoal laboral fixo encargado Pavillón	663,00 €
341,130,00	Retrib. Básicas persoal laboral fixo Dinamizador Deportivo	664,71 €
341,130,02	Retrib. Complementarias persoal laboral fixo Deportes	770,62 €
433,120,03	Retrib. Básicas funcionario Encargado Praza Abastos. Soldo grupo C1	622,30 €
433,120,06	Trienios funcionario Encargado Praza de Abastos	187,30 €
433,121,00	Retrib. Complem. funcionario Encargado Praza Abastos. Complem. destino	394,79 €
433,121,01	Retrib. Complem. Encargado Praza Abastos. Complemento Especifico	574,04 €
912,100,00	Retrib. cargos electivos dos órganos de goberno	5.138,51 €
912,110,00	Retrib. persoal eventual -cargos confianza-	5.021,55 €
920,120,00	Retrib. Básicas funcionarios Admon Xeral. Soldos grupo A1	684,36 €
920,120,03	Retrib. Básicas funcionarios Admon Xeral. Soldos grupo C1	1.244,60 €
920,120,04	Retrib. Básicas funcionarios Admon Xeral. Soldos grupo C2	1.781,37 €
920,120,06	Trienios funcionarios Admon Xeral	659,13 €
920,121,00	Retrib. Complem. funcionarios Admon Xeral. Complemento de destino	2.694,23 €



920,121,01	Retrib. Complem. funcionarios Admon Xeral. Complemento Especifico	4.192,19 €
920,130,00	Retribucións básicas persoal laboral fixo Admon Xeral	7.439,96 €
920,130,02	Retribucións complementarias persoal laboral fixo Admon Xeral	6.788,48 €
931,120,00	Retrib. Básicas funcionarios Admon Financeira e Tributaria. Soldos grupo A1	1.368,72 €
931,120,03	Retrib. Básicas funcionarios Admon Financeira e Tributaria. Soldos grupo C1	622,30 €
931,120,06	Trienios funcionarios Admon Financeira e Tributaria	503,33 €
931,121,00	Retrib. Complem. funcionarios Admon Financeira. Complemento de destino	1.810,11 €
931,121,01	Retrib. Complem. funcionarios Admon Financeira. Complemento Especifico	2.923,98 €
931,130,00	Retrib. Básicas persoal laboral fixo Admon Financeira e Tributaria	687,44 €
931,130,02	Retrib. Complementarias persoal laboral fixo Admon Financeira e Tributaria	808,79 €
TOTAL		146.247,67 €

Intervén seguidamente a Portavoz do P.S.deG.-PSOE para manifestar que o seu Grupo é contrario ó ataque, en forma de recortes que están a sufrir os funcionarios públicos, e interesa que, non se leven a cabo dentro das posibilidades do Concello.

Pola súa parte, a Portavoz do B.N.G., Sra. Domínguez Cacabelos manifesta o total desacordo do seu Grupo co programa de reformas que esta a levar a cabo o Partido Popular, e por elo xa presentaron no seu día a correspondente moción, por coidar que supoñen o efecto contrario.= Que con estas medidas erróneas o que se está a facer e frear o consumo e provocando recesión e incremento da marxinalidade nos grupos de risco.

O Sr. Alcalde contéstaselles que este tema xa foi tratado nun Pleno anterior; que se trata dunha medida transitoria, e que non debe esquecerse que os primeiros que tomaron unha medida similar (redución nas retribucións) e non foi transitoria foi o Goberno de ZP.= Que son conscientes de que se trata dunha medida antipopular, pero que o Concello debe acatar a lei, e aínda que son conscientes de que o momento é moi difícil para as familias, aboar estes importe sería ir en contra da lei e o Concello debe dar exemplo.

Rematadas as intervencións, a Corporación Municipal acorda darse por enterada, declarándose a non dispoñibilidade dos créditos previstos para o aboo da paga extraordinaria do mes de decembro.

5º.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DE ORDENANZAS REGULADORAS DE TAXAS E PREZOS PUBLICOS.-

Dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, a proposta da Alcaldía o expediente formado, en relación co asunto epigrafiado, interesan do Pleno da Corporación adopte acordo no sentido de "1º.- MODIFICAR PARCIALMENTE A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION DO SUBSOLO DE TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL E POR TENDIDOS, TUBARIAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO, INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMIÑAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RIELES, BÁSCULAS, APARATOS PARA VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS.

Artículo 1º.- Natureza e fundamento.- O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa pola ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal e por tendidos, tubarias e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para liñas, cables, palomiñas, caixas de amarre, de



distribución ou de rexistro, transformadores, rieles, básculas, aparatos para venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre os mesmos.

Artigo 2º.- Feito imponible.- Constitúe o feito imponible da taxa a ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.- Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte con algún dos supostos citados no artigo segundo.

Artigo 4º.- Responsables.- Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.- A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.=
TARIFAS

Concepto: ocupación do subsolo	Rúas de 1ª (€)	Rúas de 2ª (€)	Rúas de 3ª (€)
Instalación de tubarías (ml/ano)	0.84	0.62	0.41
Instalación de cables ou semellantes (ml/ano)	0.037	0.037	0.026
Depósitos e semellantes (m3/ano)	4.19	3.34	2.51

Concepto: Ocupación de solo	Rúas de 1ª	Rúas de 2ª	Rúas de 3ª e 4ª
Postes, columnas, etc. (unidade/ano)	1.28 €	1.28 €	0.63 €
Básculas (unidade/ano)	12.93 €	12.93 €	6.46 €
Aparatos autom. accionados por moedas (unid./ano)	38,79 €	38,79 €	12.93 €
Concepto: Ocupación de voo			
Cables e conductiones de calquera clase (m.l./ano)	0.63 €	0.61 €	0.39 €
Concepto: Outros			
Emparrados sobre camiños (m2/ano)	---	---	7.75 €

Para as empresas explotadoras de servizos de subministro e as comercializadoras que afecten á totalidade ou a unha parte importante do vecindario, o importe da taxa que se establece consistirá no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termino municipal, de acordo co establecido polo artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.= O importe da taxa que puidese corresponder á Cía. Telefónica atópase regulada polo Real Decreto 1334/88, de desenrolo parcial da Lei 15/1987 de 30 de xullo.

Artigo 6º.- Beneficios fiscais.- Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.- Período impositivo e devengo.-

1. O período impositivo coincidirá co ano natural. Cando se trate de novas autorizacións para a realización dos aproveitamentos, o período impositivo coincidirá co primeiro día do mes no que se conceda a autorización ou licenza ou se inicie o aproveitamento sen obter a preceptiva licenza.
2. A taxa retribuírase o primeiro día do período impositivo, agás cando se trate de novos aproveitamentos que será o primeiro día do mes no que se conceda a autorización ou se inicie o aproveitamento sen ter obtida a preceptiva licenza. As cotas serán irreductibles, sendo prorrateables por meses naturais, ademais do suposto anterior (novo aproveitamento), no caso de cese da utilización privativa ou aproveitamento especial.

Artigo 8º.- Xestión.-



-A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O suxeito pasivo deberá efectuar o ingreso correspondente no momento de presentala solicitude de licencia ou autorización para que esta sexa admitida a trámite. En ausencia de solicitude, o suxeito pasivo deberá efectuar dito ingreso na data de inicio da utilización ou aproveitamento, elo sen perxuízo das actuacións que procedan en orde á restitución da legalidade.

- Coa solicitude, deberá aportar os documentos precisos para poder resolver (plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal).

- O ingreso da autoliquidación non causará dereito algún e non faculta ó interesado para realizar os aproveitamentos, que só poderán levarse a cabo cando o Concello conceda a licencia ou autorización correspondente.

- Unha vez tramitado o expediente, practicaranse os aboamentos ou esixiranse as diferencias que procedan.

- Autorizada a utilización ou aproveitamento, entenderase prorrogado automaticamente, ata que a baixa sexa solicitada polo interesado. As baixas producirán efectos a partires do mes seguinte a aquel en que se solicita. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

- Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo a utilización ou aproveitamento non se leve finalmente a cabo, o Concello procederá a devolución da taxa correspondente.

No caso de empresas subministradoras de servizos que afectan a unha xeneralidade de veciños, deberán realizar a correspondente autoliquidación. A estes efectos, deberán presentar en cada autoliquidación o correspondente volume de ingresos producidos, así como a cota tributaria a ingresar. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidación será de quince días naturais dende a finalización de cada trimestre natural.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.- Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.- A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

2º.- MODIFICAR PARCIALMENTE A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL, INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CAÑARÍAS, CONDUCCIÓN, E OUTRAS INSTALACIÓN, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO E BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.

Artigo 1º.- Natureza e fundamento.- O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de cañarías, condución, e outras instalación, así como calquera remoción de pavimento e beirarrúas na vía pública.

Artigo 2º.- Feito imponible.- Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título desta Taxa.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.- Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Artigo 4º.- Responsables.- Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.- A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

Concepto	€/ m.l. ou fracc.
Apertura de canles ou zanzas para novas instalac. ou reparacións:	
a) En calzadas ou beirarrúas pavimentadas:	
Rúas de 1ª categoría	5.03
Rúas de 2ª categoría	3.34
Rúas de 3ª categoría	1.67
b) En calzadas ou beirarrúas sen pavimentar:	

